



DEREITO AMBIENTAL | DIÁLOGO | SOSTIBILIDADE

Relatoría

Reunión de traballo - Galicia (Santiago de Compostela)

Proxecto “Comunidades Enerxéticas Solidarias para unha transición xusta, inclusiva e equitativa” (Proxecto COMUNES)

Data: 10 de outubro de 2025

Hora: De 10:00 a 13:00 h

Lugar: Seminario 102 do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (Cidade da Cultura, Santiago de Compostela)

INSTA – Servizos Xurídicos Ambientais, SCCLP

623 22 88 06 • info@instajuridic.com

www.instajuridic.com

Índice

1. Introducción e presentación do proxecto “Comunidades Enerxéticas Solidarias para unha transición xusta, inclusiva e equitativa” (Proxecto COMUNES)	2
1.1. Presentación do proxecto COMUNES.....	2
1.2. Marco conceptual: cara ás Comunidades Enerxéticas Solidarias.....	2
2. Resultados do traballo participativo	3
2.1. Iniciativas inspiradoras en Galicia.....	3
2.2. Barreiras e retos para o desenvolvemento das CES en Galicia	4
2.3. Oportunidades para o impulso das CES.....	5
2.4. Actores a sumar e posibles sinerxías.....	7
3. Conclusións e próximos pasos.....	9
4. Anexos (imaxes de reunión)	10

1. Introducción e presentación do proxecto “Comunidades Enerxéticas Solidarias para unha transición xusta, inclusiva e equitativa” (Proxecto COMUNES)

O venres, 10 de outubro de 2025, celebrouse a terceira reunión rexional do Proxecto COMUNES - Comunidades Enerxéticas Solidarias para unha transición xusta, inclusiva e equitativa, no Seminario 102 do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela. Asistiron 10 participantes de perfís diversos: representantes de administracións públicas, organizacións da economía social, entidades de apoio a comunidades enerxéticas, persoal técnico e membros da sociedade civil.

O obxectivo principal da xuntanza foi reflexionar colectivamente sobre o modelo de Comunidades Enerxéticas Solidarias (CES), identificar iniciativas inspiradoras, detectar barreiras e oportunidades, e imaxinar accións concretas para impulsar este enfoque en Galicia. Durante tres horas, dialogouse sobre como traballar conxuntamente para promover este modelo en todo o territorio.

A sesión foi facilitada por Joan Pons Solé e Gabriel Bernárdez Expósito, de INSTA Servizos Xurídicos Ambientais, entidade impulsora do proxecto.

1.1. Presentación do proxecto COMUNES

A reunión comezou cunha breve presentación do proxecto COMUNES, un proxecto executado por INSTA, e cunha forte dimensión social que procura ir máis alá do concepto tradicional de comunidades enerxéticas. Deste xeito, búscase impulsar comunidades enerxéticas cun forte compoñente social e solidario, incorporando activamente colectivos en situación de vulnerabilidade e posibilitando a súa participación efectiva. O obxectivo é que as CES permitan acadar unha transición enerxética **xusta, inclusiva e solidaria**.

1.2. Marco conceptual: cara ás Comunidades Enerxéticas Solidarias

Segundo o [*Informe de Indicadores 2024 do Observatorio Energía Común*](#), actualmente hai 659 comunidades enerxéticas (CE) activas en España, 64 das cales están en Galicia.

A pesar dos avances no ámbito económico e ambiental, a dimensión social dentro destas iniciativas segue a ser feble: só un terzo en España (33%), e un 17% en Galicia, incorporan ou pretenden incorporar no futuro accións vinculadas á pobreza enerxética, xénero, vulnerabilidade, desenvolvemento rural, entre outras. Este dato mostra que as comunidades enerxéticas que reportan impactos sociais son, en concreto, significativamente menos da metade en Galicia.

Os datos de paridade nos órganos de goberno das CE, cun 20 %, están por debaixo da media estatal (40%). Estes resultados confirman a necesidade de avanzar cara a comunidades enerxéticas que poñan a solidariedade e a xustiza social no núcleo da súa actuación.

Precisamente, o proxecto COMUNES procura salienta a importancia de avanzar cara a Comunidades Enerxéticas Solidarias (CES) como unha evolución necesaria: iniciativas abertas á diversidade de actores, que poñan a solidariedade e o beneficio colectivo no centro, e nas que a enerxía non só se produce e se consome, senón que tamén se converte nunha ferramenta para formar, promover a participación de persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade e crear oportunidades sociais, etc.

Este foi o punto de partida. E con isto, pasouse á dinámica grupal, onde as persoas participantes reflexionaron para seguir avanzando nesa dirección.

2. Resultados do traballo participativo

2.1. Iniciativas inspiradoras en Galicia

A reunión serviu para visibilizar iniciativas locais que xa reflicten parte deste impulso solidario en Galicia. Entre as sinaladas:

- **Oficinas municipais de enerxía con liña social (exemplo práctico, OTC O Rosal):** ofrecen acompañamento práctico (cambio de comercializadora, lectura de facturas) e lograron aforros inmediatos en casos reais.
- **Comunidades de Montes (exemplos prácticos, Tameiga, Baroña e A Reigosa)** como columna vertebral para comunidades enerxéticas: en Galicia existen case 3.000 comunidades de montes; o seu arraigamento social e capacidade de xestión identifícanse como un punto forte para vehicular iniciativas con gobernanza próxima.

- A **Comunidade Enerxética da Illa de Arousa** traballa na venda de excedentes (ir máis alá da simple compensación) como vía para mellorar a sustentabilidade económica da súa comunidade enerxética. É unha entidade con visión solidaria, facilitando o transporte a persoas maiores, menores e con mobilidade reducida, así como con capacidade de reserva enerxética para familias en situación de pobreza enerxética.

- Apoio institucional por parte da **Deputación de Ourense**, coordinando coa Administración local a constitución de comunidades enerxéticas rurais na provincia de Ourense; permitindo achegar coñecemento enerxético e tarifas asumibles a colectivos vulnerables (persoas maiores), nun contexto de dispersión poboacional.

- Impulso pola **Universidade de Vigo (proxecto europeo EC4RURAL)** de comunidades enerxéticas no territorio galego, procurando activar os colectivos comunitarios e fomentando a participación, con espazo para integrar elementos de solidariedade (igualdade de xénero, pobreza enerxética, atención a colectivos vulnerables).

Estas experiencias amosan que, aínda que o ecosistema está en construción, xa existen sementes de CES en Galicia que combinan acompañamento social, base comunitaria e aprendizaxes para escalar a outros concellos.

2.2. Barreiras e retos para o desenvolvemento das CES en Galicia

O intercambio colectivo permitiu detectar múltiples **barreiras que hoxe condicionan o progreso das comunidades enerxéticas en Galicia** e, moi especialmente, das de perfil social e solidario. As máis destacadas foron:

- Dificultade para identificar e acompañar a persoas e colectivos vulnerables. Falta colaboración estable entre comunidades enerxéticas, servizos sociais e concellos.

- Desconfianza cidadá e baixa conversión en persoas socias. Mesmo con charlas, xornadas e asembleas, os niveis de adhesión poden ser moi baixos. É unha barreira de partida que frea tanto a viabilidade económica coma a social das iniciativas.

- Escaseza de puntos/canais accesibles de información e acompañamento (necesidade de formación enerxética da cidadanía e reducir a fenda dixital xeracional). Sinalouse a utilidade das oficinas municipais de enerxía para axudar en xestións prácticas (cambiar de comercializadora, ler a factura, revisar tarifas) e facer pedagogía.
- “Bloqueos” administrativos con distribuidoras. Reportouse falta de persoal técnico nas distribuidoras. Isto retarda altas, conexións e posta en servizo.
- Capacidade de evacuación e acceso á rede limitados. En moitas zonas rurais faltan infraestruturas para verter ou evacuar a enerxía, o que bloquea proxectos.
- Marco interpretativo estatal percibido como restritivo para figuras locais. Debatéronse problemas para que Comunidades de Montes poidan vehicular CE malia o “carácter aberto” das directivas europeas; apuntouse a unha lectura restritiva.
- Confusión entre “comunidade enerxética” e “autoconsumo colectivo”. Véndense como CE proxectos que, na práctica, son autoconsumo colectivo entre actores económicos; o que erosiona o compoñente cidadán.
- Dependencia de subvencións. Sinalouse que a competencia por axudas ás veces favorecen proxectos grandes fronte a iniciativas cidadás con maior retorno social, desviando o foco do acompañamento e da inclusión.
- Financiamento LEADER/ Grupos de Desenvolvemento Local (GDR) incerto e criterios heteroxéneos. A variabilidade de criterio dificulta planificar e acceder a axuda pública.
- Escala reducida e límites á xestión de excedentes. Moitas iniciativas quedan nunha compensación de excedentes pouco óptima.

2.3. Oportunidades para o impulso das CES

Aínda que existen dificultades, o diálogo evidenciou moitas vías para que as comunidades enerxéticas de Galicia se erixan en verdadeiros motores de transformación social:

- Tecidos comunitarios preexistentes (panca de lanzamento). A existencia de Comunidades de Montes e asociacións veciñais ofrece unha base organizativa con arraigamento social e capacidade de xestión, útil para vehicular CE con participación real no territorio (gobernanza e formación enerxética). Foi sinalado como “punto forte” específico de Galicia.

- Oficinas municipais de enerxía e coordinación con servizos sociais. As oficinas municipais xa demostraron que poden acompañar á veciñanza en trámites (cambiar de comercializadora, ler facturas, revisar tarifas) e conectar con Servizos Sociais para chegar a fogares vulnerables.

- Ecosistema galego de innovación enerxética. No debate destácase que en Galicia hai capacidade e interese para innovar en enerxía, con iniciativas múltiples e nichos complementarios; isto facilita transferencia de solucións entre proxectos e territorios.

- Vincular CE e rehabilitación de vivenda. A rehabilitación enerxética e habitacional aparece como ámbito “aínda sen explorar” pero cun alto potencial para combater pobreza enerxética, implicando áreas de urbanismo e arquitectura.

- Escalado económico mediante xestión de excedentes. Propúxose que ir máis alá da simple compensación (pouco óptima) e vender excedentes -idealmente, a través dunha comercializadora común/propia- melloraría a sustentabilidade financeira das CE.

- Reforma regulatoria para reservas de capacidade en subestacións. Como idea de política pública, suxeriuse reservar capacidade en subestacións para autoconsumo/CE, o que podería destrabar conexións en zonas rurais.

- Diversificación tecnolóxica: microhidráulica local. Alén da fotovoltaica, aproveitar pequenos saltos/infraestruturas existentes para microhidráulica foi considerado unha posibilidade con melloras tecnolóxicas respecto ao pasado; require traballo técnico-administrativo, pero abre opcións en parroquias interiores.

- Alianzas con Grupos de Desenvolvemento Local (GDR) predispostos. Aínda que hai criterios dispares, recoñécese que nalgúns GDR existe vontade de apoiar ás CE; iso permite pilotar proxectos en territorios favorables e xerar probas de concepto que despois se poidan escalar.
- Concellos como actores tractores de confianza. A implicación municipal (xa sexa con oficinas de enerxía ou amparo institucional) achega as CE á cidadanía e favorece a entrada de colectivos vulnerables. Para isto, é necesario unha visión comunitaria, non de estratexia política.
- Cooperación e federación entre iniciativas para gañar escala. Propúxose unir proxectos (p.ex., varias comunidades nunha soa CE ou estruturas compartidas) para superar escala reducida e mellorar negociación, financiamento e xestión técnica.
- Finalmente, fíxose fincapé en impulsar subvencións con efecto tractor e enfoque social. Defendeuse empregar as axudas como motor de inclusión (criterios sociais) e para derrubar barreiras de entrada máis ca para hardware xa rendible, aliñando incentivos co obxectivo social das CE.

2.4. Actores a sumar e posibles sinerxias

Na segunda metade do debate abordouse quen debe estar implicado para fortalecer un ecosistema de Comunidades Enerxéticas Solidarias (CES) en Galicia, e que tipos de alianzas o posibilitan. Subliñouse que a forza das CES non reside unicamente na tecnoloxía nin nos recursos económicos, senón principalmente na creación de relacións firmes a nivel humano, institucional e comunitario.

Entre os aspectos clave subliñouse a necesidade de ensanchar o mapa de axentes implicados. Moitas Comunidades Enerxéticas operan hoxe nun núcleo restrinxido; se se quere avanzar cara a enfoques inclusivos, débese abrir o abano e integrar perfís sociais, institucionais e económicos do territorio.

Identificáronse como **actores esenciais**:

- Servizos sociais municipais e equipos técnicos locais, que coñecen de preto a realidade dos barrios e parroquias e poden actuar de ponte entre as CE e a cidadanía, facilitando o acceso de fogares vulnerables e o deseño de medidas axeitadas.

- Distribuidoras eléctricas, imprescindibles para destrabar conexións, mellorar prazos e achegar transparencia aos procesos técnicos e administrativos (onde se perciben bloqueos).
- Comunidades de Montes e asociacións veciñais (parroquiais) polo seu arraigamento social e capacidade de xestión no rural galego, idóneas para vehicular CE con participación real e gobernanza próxima.
- Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), claves para o financiamento comarcal e para pilotar proxectos en territorios con predisposición.
- Asociacións empresariais, como aliadas, tendo en conta a visión social das CES, en proxectos de autoconsumo compartido e eficiencia enerxética.
- Entidades sociais (igualdade de xénero, pobreza enerxética, migrantes) e educativas (escolas, universidades, cooperativas de formación).
- Finalmente, comercializadoras e solucións de mercado para excedentes, a fin de explorar vías máis aló da simple compensación (por exemplo, venda organizada de excedentes) e mellorar a sustentabilidade económica das CE.

Este amplo abano de actores evidencia que a transición enerxética xusta só será posible se se articula unha alianza plural entre o mundo comunitario, a administración pública e o tecido social e económico galego.

En canto ás **sinerxías, identificáronse varias liñas de acción complementarias:**

- Espazos estables e transversais de encontro entre actores enerxéticos, sociais e institucionais (p.ex., mesas técnicas periódicas CE-Distribuidoras-Xunta-Concellos) para compartir experiencias, detectar necesidades comúns, dar seguimento a conexións e xerar confianza mutua.
- Colaboración reforzada cos perfís sociais: convenios CE-Servizos Sociais-Concello e uso das oficinas municipais para identificar necesidades, acompañar fogares vulnerables e medir impactos sociais.
- Pilotos comarcais con GDR, lanzando proxectos demostrativos en comarcas, co obxectivo de escalar despois a outras zonas.

- Articulación de proxectos conxuntos Concellos-CE (p.ex., programas de rehabilitación enerxética, autoconsumos compartidos en vivenda pública/social, acompañamento tarifario), integrando a dimensión residencial para abordar causas estruturais da pobreza enerxética.
- Rede territorial galega de CES para intercambio de boas prácticas, soporte mutuo e servizos compartidos (técnicos, xurídicos, de representación fronte a operador/distribuidora), evitando a dispersión de esforzos.
- Grupo de traballo sobre excedentes e flexibilidade, analizando escenarios horarios, contratación colectiva e vías de venda para optimizar ingresos e reducir a dependencia de subvencións.

Estas sinerxías, sumadas á implicación dunha diversidade de actores, poden converter Galicia nun laboratorio vivo de transición enerxética xusta, no que as CE actúen como instrumentos de transformación social e territorial con arraigamento local.

3. Conclusións e próximos pasos

A xornada de Santiago de Compostela puxo de relevo que as Comunidades Enerxéticas Solidarias (CES) poden ser unha peza clave para combinar transición enerxética e xustiza social, ampliando a inclusión e a participación cidadá e contribuíndo a reducir a pobreza enerxética. O debate recolleu múltiples aprendizaxes e cuestións prácticas para orientar os seguintes pasos do ecosistema galego.

As experiencias comentadas, nun contexto galego aínda incipiente, xunto coa identificación de barreiras e oportunidades, e coa reflexión sobre os actores a incorporar e as alianzas posibles, conforman unha base firme para pasar do diagnóstico á acción e consolidar un ecosistema propio de CES en Galicia; integrando e activando o tecido comunitario existente.

Ao final da reunión trasladóuselle ás persoas participantes que os resultados destes encontros territoriais serán sistematizados e compartidos, e servirán de referencia no proceso conxunto do proxecto.

Anunciouse, ademais, un acto de peche en Madrid no mes de novembro de 2025, ao que se convidará representantes das reunións de Cataluña, Galicia e Estremadura, así como entidades e administracións de ámbito estatal, co fin de dar proxección ás conclusións e procurar impacto nas políticas públicas.

A sesión pechouse con agradecementos mutuos entre o equipo de INSTA e as persoas asistentes pola iniciativa e a implicación. Subliñouse a vontade de que as conclusións desta xornada non queden nun informe, senón que axuden a activar colaboracións concretas e a consolidar CES con impacto social real no territorio galego, a fin de construír unha **transición enerxética xusta, inclusiva e centrada nas persoas**.

4. Anexos (imaxes de reunión)







